

O embaixador de Cuba visita o Parlamento de Galicia

Santiago, 8 de febreiro de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, recibiu este mediodía no seu despacho da Cámara ao embaixador de Cuba en España, Gustavo Machín Gómez, ao que convidou a asinar no libro de ouro da Cámara.

Durante a reunión, Santalices Vieira interesouse polas relacións bilaterais hispano-cubanas, recordou a impronta da colonia galega na illa e entregou ao diplomático cun libro sobre os símbolos de Galicia, dado que o Himno Galego foi estreado no Centro Galego da Habana en 1907.

Despois da entrevista, o embaixador cubano efectuou unha visita guiada ao Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.